



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.61942.

As obras solicitadas consisten na execución do proxecto de "Dotación de servizo de saneamento na parroquia de Galdo", no concello de Viveiro (Lugo). Consiste na instalación de tubaxe de saneamento de 315 mm de diámetro cos seus pozos de rexistro ata conectar coa rede existente. A rede cruza dúas canles, o rego de Meixofrío e o rego de Vilar.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1305

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Andrés Chao Blanco solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63549.

As obras solicitadas consisten na execución do peche perimetral e unha vivenda nos predios coas referencias catastrais 27005A005000830000UI e 3644914PJ4234S0001AM; na zona de policía do rego de Lagüelas, no lugar de Remior, na parroquia de San Cosme de Barreiros, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1306

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pedro José Lamelas Cao solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.64467.

As obras solicitadas consisten no acondicionamento e peche do predio con referencia catastral 27002A005001430000KD, na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Veiga do Vilar, na parroquia de Santa María de Bacoí, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 06 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1307

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 29 de abril de 2019 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito núm. 1/2019 para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por importe de **150.000,00€ (CENTO CINCUENTA MIL EUROS)** o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerábase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 30 de abril de 2019.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1308

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o 28/03/2019 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 3/2019 do orzamento xeral do Concello de 2019. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 08/04/2019 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

RESUMO POR CAPÍTULOS

ESTADOS DO GASTOS

Capítulo I	Gastos de Persoal	691.555,67
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.167.274,42
Capítulo III	Gastos Financeiros	2.700,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes	14.467,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	4.000,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	999.617,10
Capítulo VII	Transferencias de Capital	41.500,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	8.500,00

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo I	Impostos directos	579.953,17
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	265.298,48
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.008.526,80
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.317,08
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	284.700,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 5 de maio de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1309

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓNS PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA ABRIL DE 2019**

Por Xunta de Goberno Local do día 6.05.2019 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de abril de 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 8.05.2019 ata o 8.07.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 6 de maio de 2019.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 1310

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 30/04/2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **ABRIL** de 2019, polo importe total de **2.267,95€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, a 30 de abril de 2019.- O Alcalde- Presidente, Gumersindo A. Rodríguez Liz.

R. 1311

PORTOMARÍN

Anuncio

CONCESION DE TITULO DE FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE PORTOMARIN A D. XESUS MATO MATO.

Visto O Regulamento de Honras e Distincións do Excmo Concello de Portomarin aprobado por o Pleno da corporación de data 17 de decembro de 2015 e publicado no BOP de Lugo número 037 de data 16 de febreiro de 2016.

Vistas as solicitudes presentadas por Colectivo Egeria (rexistro núm 2019-E-RC-447), Orfeón Lucense (rexistro núm 2019-E-RC-448) e Grupo Fotocinematográfico Fonmiña Lugo (rexistro núm 2019-E-RC-447) para que se conceda o título de nomeamento de Fillo Adoptivo do Concello de Portomarin a o crego, musicólogo e escritor D. Xesús Mato Mato.

Vista a Resolución da Alcaldía de data 02-05-2019 onde se acorda iniciar o expediente.

Vista a proposta do instrutor do expediente de data 02-05-2019, por medio do presente:

- Sometese a información pública por o prazo de un mes, contado dende o ultimo anuncio publicado, o expediente de concesión de título de Fillo Adoptivo do Concello de Portomarin a D Xesus Mato Mato.
- Durante o prazo indicado poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constata-los datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e advera-la xustificación dos merecementos coas informacións, baseándose nas evidentes constancias de servizos, feitos ou actuacións.

En Portomarín a 02 de MAIO de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1312

RIBAS DE SIL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 06.05.2019 adoptouse o acordo que literalmente dí:

“Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Vista a ausencia comunicada do Sr. Alcalde por enfermidade que lle obriga a atoparse fóra do Municipio.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **Reguladora das Bases do Réxime Local**, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en D. Roberto Castro González, *Primeiro Tenente de Alcalde*, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, **Reguladora das Bases do Réxime Local**, durante o período de ausencia do Alcalde.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, **Reguladora das Bases do Réxime Local**, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.”

O que se publica, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Ribas de Sil, 6 de maio de 2019.- O Alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1313